

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2014 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas das vivendas arrendadas no marco do programa Aluga, no exercicio 2015.

O Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño, corrección de erros DOG nº 114, do 17 de xuño), establece o réxime xurídico do citado programa e no seu título IV recolle o marco das subvencións do programa, entre elas a axuda ás persoas inquilinas para o financiamento parcial da renda do aluguer das vivendas arrendadas no marco do citado programa, obxecto desta convocatoria. Así mesmo, na Orde do 16 de maio de 2013, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se determinan como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do programa Aluga (DOG nº 103, do 31 de maio), no seu artigo 2 establécense regras específicas para a determinación da contía da axuda ás persoas inquilinas cando se trate dese colectivo.

Este programa mantén a súa vixencia para o suposto de adxudicación directa de vivendas no marco do programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias e respecto dos contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao programa Aluga, segundo o punto 2 da disposición derogatoria única do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta convocatoria suxéitase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, así como ao establecido no Decreto 84/2010, do 27 de maio, e tramitase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos.



Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2015 habílanse créditos para o financiamento da axuda ás persoas inquilinas do programa Aluga.

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 36 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e co artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), a competencia corresponde a Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

No uso da referida autorización,

RESOLVO:

Primeiro. *Bases reguladoras da axuda ás persoas inquilinas*

As bases reguladoras da axuda ás persoas inquilinas prevista nesta convocatoria está regulada no título IV, en particular, a súa regulación específica no capítulo III (artigos 43 ao 46) do Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o programa Aluga, para o fomento do aluguer no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño; corrección de erros DOG nº 114, do 17 de xuño), así como no artigo 2 da Orde do 16 de maio de 2013, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se determinan como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do programa Aluga (DOG nº 103, do 31 de maio).

Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é proceder á convocatoria no exercicio 2015 en réxime de concorrencia non competitiva, da axuda ás persoas inquilinas para o financiamento parcial da renda prevista no Decreto 84/2010, do 27 de maio, vixente –de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro– para o suposto de adjudicación directa de vivendas no marco do programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias e respecto dos contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao programa Aluga.



Terceiro. *Orzamento*

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os exercicios 2015 e 2016, onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as solicitudes de axuda ás persoas inquilinas para o financiamento parcial da renda, así como o importe máximo das subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2015 e a contía máxima que se poderá imputar ao exercicio orzamentario 2015 e ao de 2016, son as seguintes:

Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe máximo 2015-2016	Imputación do exercicio 2015	Imputación do exercicio 2016
07.81.451B.480.1	2013 00029	1.130.760 €	559.170 €	571.590 €
07.81.451B.480.2	2013 00029	249.600 €	90.800 €	158.800 €
Total do proxecto		1.380.360 €	649.970 €	730.390 €

2. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

3. O importe máximo das subvencións obxecto desta convocatoria poderá incrementarse en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias na citada aplicación, sempre que concorra algún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De producirse un incremento do crédito destinado á concesión destas subvencións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. *Beneficiarias*

Serán beneficiarias da axuda as persoas inquilinas das unidades familiares ou de convivencia que reúnan os requisitos e condicións sinalados no artigo 43.2 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, vixente –de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro– para o suposto de adxudicación directa de vivendas no marco do programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias e respecto dos contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao programa Aluga.



Quinto. Contía da axuda

A contía desta axuda determinarase de acordo co establecido no artigo 44 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e, de ser o caso, consonte o previsto no artigo 2 da Orde do 16 de maio de 2013, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 103, do 31 de maio).

Sexto. Solicitudes

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado que figura como anexo I desta resolución dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvol-



vemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

2. No modelo de solicitude ou xunto con ela deberá achegarse, de ser o caso, en orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 43.2 do Decreto 84/2010, do 27 de maio (no modelo anexo I).

Para o caso de que variasen as circunstancias que constan no expediente da unidade familiar ou de convivencia do programa Aluga, deberá entregarse a correspondente documentación, conforme o sinalado no artigo 28.2 e 3 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

b) Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorizacións para solicitar por vía telemática as certificacións relativas a ingresos e débedas, e para consultar os datos de identidade e residencia, debidamente asinadas por todos os membros da unidade familiar ou de convivencia (no modelo anexo I-A).

c) Declaración responsable das subvencións, axudas, recursos ou ingresos solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade polas administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (no modelo do anexo I).

d) No caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, ademais do anterior, deberán achegarse os xustificantes de pagamento dos últimos doce meses dos recibos de auga, electricidade e/ou gas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.



Sétimo. Prazo de presentación

As solicitudes de axuda ás persoas inquilinas deberán presentarse antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do programa Aluga.

No caso de prórroga do contrato de arrendamento, a solicitude deberá presentarse antes do día 15 do segundo mes anterior ao do vencemento da vixencia do período inicial ou da correspondente prórroga do contrato de arrendamento.

Oitavo. Procedementos de concesión

De conformidade co establecido no artigo 47 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, fíxanse para o exercicio 2015 os procedementos mensuais de concesión. Por cada procedemento de concesión dítarase a correspondente resolución, que conterá a contía das subvencións que se concedan na mensuralidade, cos seguintes importes máximos:

Meses 2015	Importe do exercicio 2015	Meses 2016	Importe do exercicio 2016
Xaneiro-decembro	35.520,00 €	Xaneiro	0,00 €
Febreiro-decembro	44.440,00 €	Xaneiro-febreiro	4.040,00 €
Marzo-decembro	45.800,00 €	Xaneiro-marzo	9.160,00 €
Abril-decembro	118.980,00 €	Xaneiro-abril	39.660,00 €
Maio-decembro	110.080,00 €	Xaneiro-maio	55.040,00 €
Xuño-decembro	69.860,00 €	Xaneiro-xuño	49.900,00 €
Xullo-decembro	63.120,00 €	Xaneiro-xullo	63.120,00 €
Agosto-decembro	42.450,00 €	Xaneiro-agosto	59.430,00 €
Setembro-decembro	43.040,00 €	Xaneiro-setembro	86.080,00 €
Outubro-decembro	35.100,00 €	Xaneiro-outubro	105.300,00 €
Novembro-decembro	33.120,00 €	Xaneiro-novembro	165.600,00 €
Decembro	8.460,00 €	Xaneiro-decembro	93.060,00 €
Totais	649.970,00 €		730.390,00 €

Unha vez finalizado cada un dos períodos de concesión, e de non esgotarse o crédito máximo, por resolución da Dirección Xeral do IGVS trasladarase a contía non aplicada ao período seguinte.



Noveno. Órganos competentes para a instrución e resolución

De conformidade co establecido no artigo 48.5 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, a tramitación, instrución e formulación da proposta de resolución da axuda ás persoas inquilinas corresponden ás áreas provinciais do IGVS e a competencia para resolver corresponde á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Décimo. Prazo de resolución e notificación

1. A resolución das solicitudes da axuda ás persoas inquilinas resolverase no mesmo mes da súa presentación, agás nos supostos de solicitudes de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, que se poderán resolver no mes seguinte ao da súa presentación, segundo o establecido no artigo 45.8 do Decreto 84/2010. Transcorrido o prazo sinalado sen se ditar resolución expresa, entenderase rexeitada a solicitude.

2. As resolucións que se diten nestes procedementos serán notificadas aos interesados dentro do prazo de dez días a partir da data en que fosen ditadas, de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo primeiro. Recursos

As resolucións que se diten nos procedementos de concesión de subvencións previstas nesta convocatoria porán fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da dita xurisdición, nos prazos sinalados no artigo 48.6 do Decreto 84/2010.

Décimo segundo. Autorizacións e consentimentos

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións



que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistro públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGVS publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Décimo terceiro. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades», cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.es.

Décimo cuarto. *Efectos*

Esta resolución producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2014

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA ALUGA: AXUDA ÁS PERSOAS INQUILINAS	VI431F	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

TIPO DE AXUDA QUE SE SOLICITA

NOVO CONTRATO PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

CÓDIGO IDENTIFICATIVO DA VIVIENDA (VIVAL) CÓDIGO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO (ALC)

DATA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL INDICACIÓN DO COLECTIVO DE PERTENZA (ARTIGO 21 E 22 DO DECRETO 84/2010)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

- As solicitudes de axuda deberán presentarse antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do programa Aluga.
- No caso de prórroga do contrato de arrendamento, a solicitude deberá presentarse antes do día 15 do segundo mes anterior ao do vencemento da vixencia do período inicial ou da correspondente prórroga do contrato de arrendamento.

NOTA IRPF: de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 84/2010, do 27 de maio, infórmase de que as subvencións públicas tributan en concepto de incremento patrimonial na declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF).

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade para a cal se solicita esta subvención.
 - Que nas datas que a seguir se relacionan presentou as solicitudes ou, de ser o caso, fóronlle concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

ORGANISMO	TIPO DE AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE (€)

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Ser titular dun contrato de arrendamento formalizado no marco do programa Aluga.
- Ocupar a vivenda como domicilio habitual e permanente da unidade familiar ou de convivencia.
- Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao por consanguinidade ou afinidade coa arrendadora, ou, se é o caso, non ser socio ou partícipe da persoa xurídica que actúa como arrendadora.
- Ter uns ingresos anuais ponderados que non exceden 3,5 veces o IPREM.
- Non ser titular doutra vivenda, salvo as excepcións previstas na normativa vixente.
- Estar ao día no pagamento da renda mensual do alugamento e, no caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, non ter pendente de pagamento ningún recibo das subministracións básicas da vivenda, auga, electricidade e/ou gas.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia e cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da dita lei e coas previstas no Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- Estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro de subvencións.

CVE-DOG: rjgkvm11-3hs8-j5g2-jpy3-wsx0ynm9wrr1



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorizacións (no modelo anexo I-A).
- Para o caso de que non conste no expediente da unidade familiar ou de convivencia do programa Aluga e de non autorizar a consulta telemática da Administración, deberá presentar copia do DNI ou NIE e certificado de empadramento de todos os integrantes da unidade familiar ou de convivencia.
- De non autorizar a solicitude da certificación correspondente aos ingresos do último período impositivo con prazo de presentación vencido, deberá presentar declaración do IRPF de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia, referida ao último período impositivo con prazo de presentación vencido.
- De non presentar declaración do IRPF, deberá achegar declaración responsable de todos os ingresos da unidade familiar ou de convivencia, debidamente xustificada documentalmente e referida ao último período impositivo con prazo de presentación vencido.
- No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, deberá presentar copia da declaración similar presentada no estranxeiro, autenticada pola agregadoría laboral correspondente ou pola delegación consular en España e, de ser o caso, o certificado de correspondencia en euros do importe declarado.
- Para o caso de denegar expresamente a autorización ao IGVS para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda, deberá presentarse a documentación acreditativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Para o caso de que variasen as circunstancias que constan no expediente da unidade familiar ou de convivencia do programa Aluga, deberá presentarse a correspondente documentación, conforme o sinalado nos artigos 28.2º e 3º do Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- No caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, ademais do anterior, deberán presentarse os xustificantes de pagamento dos últimos doce meses dos recibos de auga, electricidade e/ou gas.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 16 de maio de 2013 pola que se determinan como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do programa Aluga.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 19 de decembro de 2014 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas das vivendas arrendadas no marco do programa Aluga, no exercicio 2015.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura da Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de  SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



ANEXO I-A

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓNS PARA EFECTOS DA SOLICITUDE DE AXUDA ÁS PERSOAS INQUILINAS

Declaro/Declaramos que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste anexo.
E autorizo/autorizamos o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para a consulta de datos e a obtención telemática das certificacións (punto décimo segundo da resolución da convocatoria) relativas a:
- Datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia.
- Ingresos do último período impositivo con prazo de presentación vencido, así como certificacións de estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma.

PARENTESCO CON RELACIÓN Á PERSOA SOLICITANTE	APELLIDOS E NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL (1)	(2)	AUTORIZACIÓNS					SIGNATURA (8)
						(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
					<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

(1) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente), PF (parella de feito legalmente recoñecida).
 (2) O membro da unidade familiar ou de convivencia ten ingresos no estranxeiro? No caso afirmativo achegarase a documentación correspondente.
 (3) Autoriza a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade.
 (4) Autoriza a consulta dos datos de residencia no Sistema de verificación de datos de residencia.
 (5) Autoriza a consulta de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, así como dos ingresos referidos ao último período impositivo con prazo de presentación vencido.
 (6) Autoriza a consulta de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.
 (7) Autoriza a consulta de estar ao día nas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda.
 (3,4,5,6,7) Autorizacións que poderán ser revogadas en calquera momento mediante escrito dirixido ao IGVS. Se marca/marcan "NON", deberán achegar a correspondente documentación acreditativa (véxase o punto décimo segundo da resolución de convocatoria ou anexo I (continuación).
 (8) No correspondente recadro deberá constar a sinatura de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia. No caso de menores de idade, considérase cos mesmos efectos a sinatura dos seus representantes legais.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

